



INSTRUCCIÓN DO SECRETARIO XERAL DO 22 DE SETEMBRO DE 1999 SOBRE A APLICACIÓN DO BENEFICIO DE FAMILIA NUMEROSA ÓS ESTUDIANTES MARROQUÍS

Perante as reiteradas peticións de cidadáns marroquís sobre a aplicación dos beneficios de familia numerosa, como consecuencia da aplicación do Convenio de Cooperación Cultural Hispano-Marroquí do 14-X-1980 (BOE 10 de outubro) faise necesario dictar unha instrucción que recolla as peculiaridades desta situación así como clarificar se estes alumnos teñen dereito ós referidos beneficios.

A Resolución Rectoral do 22 de xullo de 1999, no seu artigo 5 establece que para os alumnos amparados por Convenios Internacionais, correspóndelle ó Secretario Xeral a determinación de se están o non en vigor as posibles exencións ós prezos públicos.

Por todo o anterior, visto o Convenio de Cooperación de referencia, así como o informe do Servicio Xurídico do Estado do 14-V-1997; a nota verbal do Embaixador do Reino de Marrocos en España; o informe do Director do Gabinete de Tratados do Ministerio de Asuntos Exteriores do 26-VI-95, e o informe da Dirección Xeral de Acción Social, do Menor e de Familia do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 6 de xullo de 1999, resolvese dictar a seguinte Instrucción:

Primeira.- Os fillos de nacionais marroquís que reúnan os requisitos legalmente esixidos para ser acredores do título de familia numerosa e así o acrediten de modo oficial gozarán dos mesmos beneficios e exencións no pagamento de prezos públicos que os alumnos do Estado Español que se atopen nesta situación.

Segunda.- Os ingresos deixados de percibir pola aplicación deste beneficio de familia numerosa serán compensados polo Ministerio de Educación e Ciencia nos mesmos termos que se realizan en compensación pola aplicación dos beneficios de familia numerosa ós alumnos de nacionalidade española, naqueles casos en que os convenios de colaboración establezan para os nacionais do país estranxeiro as mesmas condicións que ós españois.

Terceira.- Para acreditar a posesión do título de familia numerosa será a Embaixada ou oficinas consulares de Marrocos as que realicen a acreditación de que o alumnos reúne idénticas condicións familiares que as establecidas en España para acceder á condición de familia numerosa.

Cuarta.- A presente instrucción terá plenos efectos en tanto se manteña a reciprocidade expresa ou tácita co Reino de Marrocos e sempre que se



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

manteña en vigor o convenio de cooperación cultural que lle serve de base.

Disposición Transitoria.- Esta Instrucción será aplicable a aqueles alumnos que teñan solicitada a exención ou redución dos seus prezos públicos no curso 98-99, e se atopen pendentes de resolución.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 1999

O Secretario Xeral




Gumersindo Guinarte Cabada

Sra. Xefa do Servicio de Alumnado